



DATOS IDENTIFICATIVOS

Tradución especializada idioma 2: Administrativa-económica: Alemán-Galego

Materia	Tradución especializada idioma 2: Administrativa-económica: Alemán-Galego			
Código	V01G230V01943			
Titulación	Grao en Tradución e Interpretación			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4	2c
Lingua de impartición	Alemán Galego			
Departamento				
Coordinador/a	Alonso Díaz, Jennifer			
Profesorado	Alonso Díaz, Jennifer Buján Otero, Patricia			
Correo-e	jenni_alonso@msn.com			
Web				
Descrición xeral	- Iniciarase o alumnado na tradución de textos administrativos e económicos na combinación lingüística alemán-galego, de forma que estea capacitado para traducir este tipo de textos cara ó galego con fidelidade comunicativa, lexibilidade, concisión e corrección expresiva.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código			
A1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.		
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.		
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.		
C1	Dominio de linguas estranxeiras		
C2	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras		
C3	Dominio da lingua propia, escrita e oral		
C5	Dominio de técnicas terminolóxicas e neolóxicas para a tradución especializada		
C10	Capacidade de traballo en equipo		
C17	Capacidade de tomar decisións		
C22	Destrezas de tradución		
C27	Capacidade de razoamento crítico		
D4	Resolución de problemas		
D7	Toma de decisións		
D8	Compromiso ético e deontolóxico		
D9	Razoamento crítico		
D12	Traballo en equipo		
D14	Motivación pola calidade		
D17	Comprensión doutras culturas e costumes		

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Competencias contrastivas: capacidade para dominar os elementos de discrepancia ortotipográfica, morfosintáctica, discursiva e pragmática; dominar as diferenzas dos mecanismos de coherencia e cohesión e de construción textual das dúas linguas; coñecer a terminoloxía e fraseoloxía específicas.	A1	C1	D4
	A2	C2	D17
		C3	
		C27	

Competencias textuais: desenvolver a capacidade para traducir textos dos ámbitos administrativo e económico	A1	C1	D9
	A2	C3	D14
	A4	C5	
		C22	
Competencias profesionais: coñecer o mercado da tradución de textos administrativos e económicos en Galicia para a combinación lingüística alemán-galego e español; desenvolver un autoconcepto de tradutor/a profesional e da súa autoestima; desenvolver a capacidade de tomar decisións; fomentar o dominio dos diferentes aspectos das relacións interpersoais con clientes, iniciadores, destinatarios e informadores; desenvolver a capacidade para superar as fallas tradutivas individuais.	A1	C10	D7
	A4	C17	D8
		C22	D9
		C27	D12

Contidos

Tema

0. Introducción	<ul style="list-style-type: none"> a. Alemán <ul style="list-style-type: none"> i. Características da linguaxe especializada do alemán: estruturas sintácticas, compostos, sintagmas nominais e preposicionais complexos, fraseoloxía ii. Linguaxe non-sexista iii. Ordenación territorial e administrativa de D, CH e A b. Galego <ul style="list-style-type: none"> i. Recursos da linguaxe especializada galega ii. Recursos de documentación administrativa galega iii. Linguaxe non-sexista
1. Textos do ámbito administrativo	<ul style="list-style-type: none"> a. Introducción aos documentos administrativos b. Análise e tradución de certificados académicos. O sistema educativo/universitario alemán vs. galego c. Análise e tradución de outros documentos administrativos da cidadanía, da administración ou dirixidos á cidadanía
2. Textos do ámbito económico	<ul style="list-style-type: none"> a. Introducción aos textos do ámbito económico b. Análise e tradución de textos económicos de carácter xeral c. Análise e tradución de textos do ámbito empresarial d. Análise e tradución de textos de comercio internacional (contrato de compravenda mercantil, condicións xerais de contratación)
3. Contidos transversais	<ul style="list-style-type: none"> a. Metodolóxicos <ul style="list-style-type: none"> i. Crítica de traducións. Metalinguaxe. Avaliación e análise de erros. ii. Exercicios de identificación e explotación dos repertorios axeitados das culturas implicadas b. Contrastivos (culturais e estilísticos) <ul style="list-style-type: none"> i. Ortotipografía, estilística, sintaxe, aspecto discursivo ii. Terminoloxía e fraseoloxía específica c. Profesionais <ul style="list-style-type: none"> i. O mercado da tradución de textos administrativos e económicos ii. Criterios de calidade iii. Autoavaliación, avaliación allea iv. A tradución xurada d. As ferramentas para a tradución de textos deste ámbito de especialidade. Fontes de documentación: recursos en liña, textos paralelos, dicionarios. Criterios de selección da fonte de información e dos contidos relevantes. Correctores lingüísticos.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Presentación	1	12	13
Resolución de problemas	20	32	52
Lección maxistral	5	0	5
Eventos científicos	2	0	2
Resolución de problemas de forma autónoma	1	30	31
Estudo de casos	14	28	42
Actividades introdutorias	2	0	2
Exame de preguntas de desenvolvemento	3	0	3

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Presentación	O alumnado exporá un tema de carácter administrativo ou económico desde unha perspectiva contrastiva entre os sistemas administrativos ou económicos de Galiza/España e os dos países onde o alemán é lingua oficial (A, CH, D ou L).
Resolución de problemas	Realizaranse exercicios de tradución, que tentarán reproducir situacións reais, e exercicios de resolución de problemas (dificultades de tradución). Despois da presentación da base conceptual e procedimental, o alumnado preparará as tarefas pola súa conta. Finalmente, e de novo nas horas presenciais, farase a posta en común e corrección dos resultados. Esta parte terase en conta na avaliación continua.
Lección maxistral	A docente exporá diversos temas relacionados coa materia.
Eventos científicos	Asistencia a eventos científicos de interese para o alumnado de T&I.
Resolución de problemas de forma autónoma	A alumna ou alumno deberá realizar unha encarga de tradución que irá acompañada dun comentario das principais dificultades e das formas de resolvelas.
Estudo de casos	O alumnado analizará situacións de tradución reais e fará propostas de forma autónoma; debateranse en grupo diferentes opcións e solucións.
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado, así como a presentar a materia.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Presentación	Prestarase unha atención personalizada a todo o alumnado tanto en clase como fóra da aula por medio de titorías personalizadas (presencias ou virtuais con cita previa). Deste xeito, o alumnado poderá estar en contacto directo coa docente para formularlle as súas dúbidas.
Resolución de problemas	Prestarase unha atención personalizada a todo o alumnado tanto en clase como fóra da aula por medio de titorías personalizadas (presencias ou virtuais con cita previa). Deste xeito, o alumnado poderá estar en contacto directo coa docente para formularlle as súas dúbidas.
Resolución de problemas de forma autónoma	Prestarase unha atención personalizada a todo o alumnado tanto en clase como fóra da aula por medio de titorías personalizadas (presencias ou virtuais con cita previa). Deste xeito, o alumnado poderá estar en contacto directo coa docente para formularlle as súas dúbidas.
Estudo de casos	Prestarase unha atención personalizada a todo o alumnado tanto en clase como fóra da aula por medio de titorías personalizadas (presencias ou virtuais con cita previa). Deste xeito, o alumnado poderá estar en contacto directo coa docente para formularlle as súas dúbidas.

Avaliación					
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Presentación	O alumnado deberá preparar individualmente algún dos temas propostos de carácter contrastivo. Cómpre entregar as sinopses das presentacións ata o 15 de abril.	20	A1 A2 A4	C1 C2 C3 C5 C10 C17 C22 C27	D4 D7 D8 D9 D12 D14 D17
Resolución de problemas	Avaliarase a resolución dos problemas e exercicios desenvolto na aula ou en casa.	10	A2		
Resolución de problemas de forma autónoma	O alumnado deberá preparar unha encomenda de aproximadamente 500 palabras.	30	A1 A2 A4	C1 C2 C3 C5 C10 C17 C22 C27	D4 D7 D8 D9 D12 D14 D17
Exame de preguntas de desenvolvemento	Consistirá na tradución de 2 textos de aprox. 200 palabras cada un e poderá incluír preguntas de xustificación das decisións adoptadas.	40	A1 A2 A4	C1 C2 C3 C5 C10 C22	D4 D7 D8 D9 D12 D14 D17

Outros comentarios sobre a Avaliación

É responsabilidade do alumnado consultar os materiais e as novidades a través da plataforma de teledocencia Moovi, así como informarse sobre as datas nas que teñen lugar as probas de avaliación.

Penalizarase o uso de ferramentas de tradución automática sen autorización expresa do profesorado.

Avaliación continua:

Para unha axeitada avaliación cómpre unha asistencia asidua e participativa ás aulas. É obrigatorio cumprir coas esixencias da resolución de problemas de forma autónoma e da presentación. Se algunha persoa non pode cumprir estas condicións, deberá comunicarllo á docente argumentadamente e reconsiderarase a posibilidade de avaliación continua. A opción pola avaliación continua implica a renuncia á avaliación única. A/o estudante deberá comunicarllo á docente por escrito nas tres primeiras semanas de clase por correo electrónico. Se por causa de forza maior (traballo, enfermidade...), a/o estudante non puidese seguir o sistema de avaliación continua a pesar de escoller opción, poderá acollerse á avaliación única. A/o estudante que non supere a materia e teña que acudir á convocatoria de xullo deberá superar un exame con todos os contidos da materia.

O exame constará de un exercicio de tradución de 2 textos de 200 palabras cada un; os textos serán do ámbito administrativo e económico. Entregarase obrigatoriamente en formato electrónico, seguindo o formato esixido.

Este exame realizarase no último día de clase.

Ao longo de toda a avaliación penalizarase a copia e o plaxio.

Avaliación única (convocatorias de maio e xullo)

O alumnado que non se acolla á modalidade de avaliación continua poderá presentarse ao exame oficial da materia nas datas establecidas pola FFT.

O exame constará dun exercicio de tradución de 2 textos de aprox. 200 palabras cada un; os textos serán do ámbito administrativo e económico. Este exame final poderá incluír, así mesmo, cuestións teóricas e prácticas relativas ao total dos contidos abordados ao longo do semestre.

A tradución e os exercicios resoltos entregaranse obrigatoriamente en formato electrónico, seguindo o formato esixido. Para a elaboración da tradución poderase facer uso das fontes de información en formato papel así como das dispoñibles en internet.

Para superar a materia é necesario aprobar a tradución dos dous apartados do exame, o administrativo e o económico.

No caso de suspender unha parte, a/o estudante examinarase de novo unicamente da parte suspensa. O exame constará na tradución dun texto do ámbito administrativo e un texto de carácter económico.

Penalizarase a copia e o plaxio.

En caso de suspenso na primeira oportunidade (maio), o alumnado poderá acollerse á modalidade de avaliación única de xullo.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Becher, H. J., **Wörterbuch der Rechts- und Wirtschaftssprache**, C.H. Beck., 2013 e 2014

Kammer, Thomas, **Basiswissen für Dolmetscher und Übersetzer □ Deutschland und Spanien**, Timme Verlag, 2014

Kellner, Simone, **Basiswissen für Dolmetscher und Übersetzer □ Österreich**, Timme Verlag, 2017

Rothe, Martin, **Rechtswörterbuch Spanisch-Deutsch, Deutsch-Spanisch: Mit Erläuterungen, Darstellungen von Gesetzen, Verordnungen, Verträgen, Abkürzungen, Gerichtsverfassungen, Rechtsbehelfen**, Luchterhand, 2008

VVAA, **Curso de linguaxe administrativa : nivel superior**, Xunta de Galicia, 2013

VVAA, **Curso de linguaxe administrativa : nivel medio**, Xunta de Galicia, 2013

Bibliografía Complementaria

VVAA, **Curso de linguaxe xurídica: nivel medio**, Xunta de Galicia, 2013

Recomendacións

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Tradución económica idioma 1: Inglés-Galego/V01G230V01801

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Idioma 2, III: Alemán/V01G230V01307

Introdución aos ámbitos de especialización para a tradución e a interpretación e aspectos profesionais da tradución/V01G230V01621

Tradución idioma 2, III: Alemán-Español/V01G230V01614

Ferramentas para a tradución e a interpretación IV: Revisión e corrección de textos/V01G230V01701

Tradución xurídica-administrativa idioma 1: Inglés-Galego/V01G230V01702

Outros comentarios

Para poder cursar con aproveitamento esta materia, é recomendable ter acadado o nivel B2 en alemán.

Alumnado cuxa 1.^a lingua non sexa o galego (alumnado Erasmus, Séneca etc.): requírese polo menos un nivel B2 na lingua galega e C1 da lingua alemá ou C1 en galego e B2 en alemán.

É responsabilidade do alumnado consultar a documentación e os anuncios a través da plataforma Moovi e de estar ó tanto das datas nas que as probas de avaliación teñen lugar.
